

Área / Unidad CONTRATACION CT0000 NGT	Documento 43012I00KU	
Código de verificación  2H04 321T 4W0M 0D03 0C83	Expediente L-8/2017	
	Fecha 21-02-2018	

ACTA

Presidenta

M^a Eugenia Vieito Blanco

Vogais

Beatriz Mariño Vila

Martín González Rodríguez (acctal.)

Francisco Javier Mato Fariña (acctal.)

Secretaria

Mónica Vales Rodríguez

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as dez horas e sete minutos do día vinte de febreriro de dous mil dezaioito, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan no tempo e na forma as empresas licitadoras ao procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para contratar, a **limpeza das oficinas e dependencias municipais da área de Servizos Sociais e Infraestruturas situadas na contorna da zona de Catro Camiños do Concello da Coruña, que fomente a estabilidade no emprego e o respecto ao medio ambiente na súa execución.**

A presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polas empresas licitadoras, que resultaron ser as seguintes:

Número un.- Limpiezas Compostela, S.L.

Número dous.- Eulen, S.A.

Número tres.- Limpergal, S.L.

Número catro.- Soldene, S.A.

Número cinco.- Xalo Obras e Servicios, S.L.

Número seis.- Maga Limpiezas, S.L.

Número sete.- Limpiezas Faro, S.L.

Número oito.- CLN Servicios Integrales, S.L.

Número nove.- Marodri, S.L.

Número dez.- Samyl, s.L.

Número once.- Itma, S.L.

Número doce.- Mantelnor Limpiezas, S.L.

Número trece.- Ingeniería Estudios y Proyectos Europeos (Inespro)

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todas as empresas licitadoras presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

A Mesa acorda admitir as empresas licitadoras que se presentaron ao procedemento por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas **económicas** realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as dez horas e once minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

M^a Eugenia Vieito Blanco